



Son servizos públicos creados para facilitar a información e a xestión das axudas.

A Oficina de Rehabilitación

103. Que é?

É un servizo público creado pola Consellería de Vivenda e Solo en convenio co Concello co obxectivo de colaborar cos cidadáns na conservación e rehabilitación dos seus edificios, das súas vivendas e dos seus locais comerciais, e co Concello na mellora dos espazos públicos das Áreas de Rehabilitación.

104. En que nos pode axudar?

Na Oficina de Rehabilitación pódese atopar toda a información, a asistencia administrativa e o asesoramento técnico necesario, calquera que sexan os problemas ou inquietudes dos cidadáns en relación coa vivenda, comercio ou edificio dunha Área de Rehabilitación ou con valor histórico recoñecido. Pódense atopar tamén as axudas económicas para colaborar no financiamento das obras. E, sobre todo, no asesoramento e na información: se estamos informados é todo máis fácil.

105. Como funciona?

A oficina dispón de técnicos especializados na rehabilitación de edificios de construción tradicional e históricos que axudan a definir o alcance das obras e o seu custo e a documentación necesaria para realizalas. Nas oficinas hai tamén persoal cualificado para lles axudar aos cidadáns na xestión das subvencións, os permisos e as autorizacións necesarias.